materia
Informática

unidade didáctica 3

Informática

Efrén Arias Jordán
Departamento de Electrónica e Computación
Escola Politécnica Superior

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
VICERREITORÍA DE ESTUDANTES, CULTURA E FORMACIÓN CONTINUA

titulación
Grao en Enxeñaría Civil

unidade **didáctica 3**

Informática

Efrén Arias Jordán

Departamento de Electrónica e Computación
Escola Politécnica Superior

Deseño
Unidixital
Servizo de Edición Dixital
da Universidade de Santiago de Compostela

Edita
Vicerreitoría de Estudantes,
Cultura e Formación Continua
da Universidade de Santiago de Compostela
Servizo de Publicacións
da Universidade de Santiago de Compostela

Imprime
Unidixital

Dep. Legal: C 333-2013
ISBN 978-84-9887-934-6

MATERIA: Informática
TITULACION: Grao en Enxeñaría Civil
PROGRAMA XERAL DO CURSO
Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. Introdución
- Representación da información.

Unidade II. Introdución á programación
- Algoritmos e programas
- Linguaxes de Programación
- Tradutores: compiladores e intérpretes
- Ciclo de vida do software
- Paradigmas de programación

Unidade III. Datos e instrucións
- Estrutura dun programa
- Constantes e variables
- Codificación dos datos: tipos
- Tipos de instrucións
- Subrutinas ou subprogramas
- Librerías
- C++

Unidade IV. Programación estruturada
- Estruturas de control
- Estrutura secuencial
- Estrutura alternativa
- Estrutura repetitiva (bucles)

Unidade V. Programación modular
- Introdución ao deseño estruturado. Concepto de subprograma e función. Programas modulares
- Librerías de funcións en C++
- Funcións na linguaxe C++
- Definición e Chamada
- Prototipo
- Argumentos
- Valor de retorno
- Paso de Parámetros: por valor e por referencia

Unidade VI: Datos estruturados
- Definición Dato estruturado
- Tipo Punteiro
- Vectores estáticos, introdución
- Vectores Unidimensionais
  - Concepto
  - Declaración
  - Uso e percorrido de Vectores Unidimensionais
  - Paso de Vectores Unidimensionais a funcións
- Vectores Bidimensionais ou matrices

- Concepto
- Declaración
- Uso e percorrido de Vectores Bidimensionais
- Paso de Vectores Bidimensionais a funcións

- Vector de carácteres e cadeas de texto
- Vectores multidimensionais
- Estruturas e Unións

Unidade VII. Ficheiros

- Concepto de ficheiros e os seus tipos
- Declaración dunha variable tipo ficheiro
- Operacións con ficheiros:
- Abrir e pechar ficheiros
- Control de erros e fin de ficheiro
- Lectura/escritura de ficheiros de texto
- Lectura/escritura de ficheiros binarios
- O acceso directo á información de arquivos

Unidade VIII. Introdución a MATLAB

INDICE

Presentación 7
Os obxectivos 7
A metodoloxía 8
Os contidos básicos 9
1. Linguaxe C: características 9
2. Operadores 13
3. Programas en C++ 18
4. Estruturas de Control Fundamentais 29
5. Estrutura Secuencial 29
6. Estrutura Alternativa 29
7. Estrutura Iterativa 34
8. Exemplos de Programación 39
Anexo: actividades propostas 56
Avaliación da UD **58**
Bibliografía 58

PRESENTACIÓN

A variedade de plataformas de programación dispoñibles hoxe en día é moi ampla e está en constante evolución. Nesta Unidade Didáctica preséntanse os fundamentos de programación que hai entodas as linguaxes de programación, e en particular en Linguaxe C e C++, para que o alumnado, partindo dun problema sinxelo, sexa capaz de atopar un algoritmo que o resolva. Para acadar iso, mostrarase como desenvolver programas sinxelos e os fundamentos de programación que hai detrás

Móstranse os conceptos básicos, comúns a todas as linguaxes de programación e en particular na linguaxe C e C++, e unha metodoloxía para desenvolver programas de forma sistemática e eficiente.

Así mesmo procúrase introducir os tres tipos básicos de sentenzas de control: secuencia, selección e iteración, explicando en profundidade a súa sintaxe e semántica, de xeito que o alumnado sexa capaz de implementar ditas estruturas de control en linguaxe C ou C++ e os fundamentos da Programación Estruturada.

A formulación desta unidade didáctica é eminentemente práctica, de xeito que o alumnado dispoña dunha ampla variedade de exemplos que lle permita acadar as competencias transversais e específicas da materia na que está inmersa esta UD.

A duración da presente UD e de 15 horas de docencia expositiva e interactiva, deixando a parte de actividades para a resolución das mesmas por parte do alumnado, fora do horario académico

OS OBXECTIVOS

Os obxectivos,cara o alumnado, perseguidos nesta unidade didáctica son:

1) introducirse nos conceptos e técnicas básicos da programación dende un enfoque xeral, que lle permita adaptarse ás distintas linguaxes de programación, en particular o linguaxe C e C++.
2) Adquirir os fundamentos básicos de programación que hai detrás das linguaxes de ultima xeración, e os hábitos e destrezas baseados na programación estruturada.
3) Desenvolver as destrezas necesarias para a resolución de problemas básicos de cálculo no ámbito da enxeñería mediante o uso das ferramentas de programación. Aprender a desenvolver pequenos algoritmos e programas exemplo utilizando as distintas estruturas de control elixindo o tipo das sentenzas adecuadas para cada caso, en función das características particulares do programa a desenvolver.
4) Ser capaz, ante unha nova especificación dun problema, de adoptar unha unha solución cos recursos dispoñibles e o de abstraer o coñecemento aprendido para poder utilizalo nun novo ámbito

A METODOLOXÍA

A metodoloxía de ensinanza que se persigue dentro da materia onde se encadra a presente unidades didáctica e a seguinte:

Clases Teóricase Prácticas

As clases consistirán na explicación dos apartados do programa coa axuda dunha presentación electrónica. Tamén se realizarán exercicios na pizarra, facendo que o alumnadodesenvolva un programa ditando ao profesor as sentenzas que eles propoñen para a resolución do exercicio. As diapositivas da presentación serán postas a disposición do alumnado.

As clases fundamentalmente terán lugar nunha aula de informática, na que se proporcionará un ordenador para cada alumno. A metodoloxía de aprendizaxe de prácticas consiste fundamentalmente na resolución das actividades propostas e outros exercicios de programación, individualmente ou por grupos, coa axuda do profesor.

Titorías

As sesións de titorías servirán para resolver as dúbidas do alumnado en canto ós contidos da materia, resolución de problemas de teoría e exercicios de prácticas propostos no anexo de actividades. Estas titorías serán tanto presenciais como virtuais a través da plataforma virtual, e son fundamentais para acadar unha aprendizaxe efectiva da materia.

Curso Virtual

Esta materia dispoñerá dun curso virtual desenvolto sobre unha plataforma de e-learning. Nela facilitaráselle ó alumnado todo o material necesario en formato dixital, ademais de distintas ferramentas de comunicación para o apoio ás titorías, incluíndo correo electrónico e foros.

Linguaxe C: características

- Linguaxe de programación de propósito xeral, moi adecuado para programación de sistemas (UNIX foi escrito en C).
- Linguaxe relativamente pequena: só ofrece sentenzas de control sinxelas e funcións.
- A E/S non forma parte da linguaxe, senón que se proporciona a través dunha biblioteca de funcións.
- Permite a agrupación de instrucións.
- Programación estruturada.
- Permite a separación dun programa en módulos que admiten compilación independente.
- Deseño modular.
- Programas portables.
- Non é unha linguaxe fortemente tipada.
- É bastante permisivo coa conversión de datos.
- Sen unha programación metódica pode ser propenso a erros difíciles de atopar.
- A versatilidade de C permite crear programas difíciles de ler.

```
#define _ -F<00||--F-OO--; int F=00,OO=00;
main(){F_OO();printf("%1.3f\n",4.*-
F/OO/OO);}F_OO() {…..}
```

/* Exemplo 1. Programa DUCIA en linguaxe C */

```
#include <stdio.h>
main ()
{
int ducia;
      ducia = 12;
      printf ("Unha ducia son %d unidades\n",
      ducia);
}
```

En C++

```
#include <iostream>
using namespace std;
int main ()
{
      int ducia=12;
      cout<<"Unha ducia son:"<<ducia<<"
      unidades"<<endl;
      system("PAUSE");
      return EXIT_SUCCESS;
```

```
}
```

Basicamente o C está composto polos seguintes elementos:

- Comentarios
- Identificadores
- Palabras reservadas
- Variables e tipos de datos
- Constantes
- Operadores

Palabras Reservadas

auto	**Do**	**for**	**return**	**typedef**
break	**double**	**goto**	**short**	**union**
case	**else**	**if**	**sizeof**	**unsigned**
char	**enum**	**int**	**static**	**void**
const	**extern**	**long**	**struct**	**volatile**
continue	**float**	**register**	**switch**	**while**
default				

É preciso insistir en que C fai distinción entre maiúsculas e minúsculas. Por tanto, a palabra reservada **`for`** non pode escribirse como FOR, pois o compilador non a recoñece como unha instrución, senón que a interpreta como un nome de variable.

Variable

Identificador utilizado para representar un certo tipo de información.Cada variable é dun tipo de dato determinado. Unha variable pode almacenar diferentes valores en distintas partes do programa.

Tipos de datos Básicos

TIPO	PALABRA RESERVADA	TAMAÑO EN PALABRAS
sen valor	**void**	0
Carácter	**char**	1
Enteiro	**int**	2
coma flotante (simple precisión	**float**	4
coma flotante (dobre precisión	**double**	8

Declaración de Variables

Unha declaración asocia un tipo de datos determinado a unha ou máis variables. O formato dunha declaración é:

```
tipo_de_dato var1, var2, ..., varN;
```

Exemplos:

```
int a, b, c;
float numero_1, numero_2; char letra;
unsigned long enteiro;
```

Deben declararse todas as variables antes do seu uso. Deben asignarse aos variables nomes significativos.

```
int temperatura;
int k;
```

A función printf()

Permite imprimir información pola saída estándar (pantalla)

```
printf (<cadea de control>, <resto argumentos>);
printf(formato, argumentos);
```

Exemplos:

```
printf("Ola mundo\n");
printf("O número 28 é %d\n", 28);
printf("Imprimir %c %d %f\n", 'a', 28, 3.0e+8);
printf (“páxina %d \n var = %f”, 5, estatura * 2);
```

Cadea de control
Contido
Secuencias de escape: \n \t \\ \”
Comandos de formato (mesmos que scanf)
Resto dos carácteres

Do mesmo xeito que en scanf teñen que coincidir o número de ‘%’ e o número de variables

Formatos da función printf()

TIPO DE ARGUMENTO	CARÁCTER DE FORMATO	FORMATO DE SAÍDA
Numérico	%d	signed decimal int
	%i	signed decimal int
	%o	unsigned octal int
	%u	unsigned decimal int

	%x	unsigned hexadecimal int (con a, ..., f)
	%X	unsigned hexadecimal int (con A, ..., F)
	%f	[-]dddd.dddd
	%e	[-]d.dddd ou ben e[+/-]ddd
	%g	o máis curto de %e e %f
	%E	[-]d.dddd ou ben E[+/-]ddd
	%G	o máis curto de %E e %f
Carácter	%c	carácter simple
	%s	cadea de carácteres
	%%	o carácter %
Punteiros	%n	
	%p	

Secuencias de escape da función printf()

CARÁCTER	SIGNIFICADO
\a	Alarma (Beep)
\b	Retroceso (BS)
\t	Tabulador Horizontal (HT)
\n	Nova Liña (LF)
\v	Tabulador Vertical (VT)
\f	Nova Páxina (FF)
\r	Retorno
\"	Comiñas dobres
\'	Comiña simple
\\	Barra investida

A función printf()

Especificadores de ancho de campo: A sentenza

```
printf("Numero enteiro = %5d \n", 28);
```

produce a saída:

```
Numero enteiro =_ _ _28
```

A sentenza

```
printf("Numero real = %5.4f \n", 28.2);
```

produce a saída:

Numero real = 28.2000

Función scanf()

Permite ler datos do usuario. A función devolve o número de datos que se leron ben.

```
scanf (<cadea de control>, <resto argumentos>);
scanf(formato, argumentos);
```

Os especificadores de formato igual que printf().

Exemplos:

```
scanf("%f", &numero);
scanf("%c\n", &letra);
scanf("%f %d %c", &real, &enteiro, &letra);
scanf("%ld", &enteiro_longo);
scanf("%s", cadea);
char inicial; int idade; float estatura;
scanf(“%c %d %f”, &inicial, &idade, &estatura);
scanf(“%c %d”, &inicial, &idade, &estatura);
```

Entrada/ Saída de carácteres

```
int getchar(void); // Devolve carácter ou EOF
int putchar(int); // Devolve parámetro ou EOF
```

Exemplo:

```
#include <stdio.h>
int main(void)
{
      int c;      // Coidado
      c = getchar();
      while (c != EOF)
      {
            putchar(c);
            c = getchar();
      }
      return 1;
}
```

Mellor escrito con outro estilo:

```
while ( (c = getchar()) != EOF) putchar(c);
```

Operadores
Operador de asignación

Forma xeral:

```
identificador = expresión ;
```

Exemplos:

```
a = 3;
area = lado * lado;
```

O operador de asignación = e o de igualdade ==

Asignacións múltiples:

```
ide_1 = ide_2 = ... = expresión
```

As asignacións efectúanse de dereita a esquerda.

En i = j = 5

1. A j asígnaselle 5
2. A i asígnaselle o valor de j

Conversión de tipos

(tipo de dato) expresión

```
int x; float e;
x = 5;
e = x / 2;
```

o valor asignado á variable **e** será 2, pois / realiza unha división enteira.

```
int x; float e;
x = 5;
e = (float) x / 2;
```

Agora, a variable e almacena o valor 2.5.

```
int x; float e;
x = 5;
e = (float) (x / 2);
```

non se asigna a e o valor 2.5, senón 2, xa que as parénteses que envolven á expresión x / 2 fan que primeiro se efectúe a división enteira e logo a conversión a flotante

Conversións entre Tipos simples
Implícitas

```
int i = 8; double d;
d = i;
d = 5.9;
i = d;
```

Explícitas

```
(tipo) expr
(int) 5.4
i = (int) d;
```

Exemplo

```
double x;
int a = 5, b = 2;
x = a / b;
```

Operadores aritméticos

División enteira (/): división dunha cantidade enteira por outra, desprézase a parte decimal do cociente.

O operador % require que os dous operandos sexan enteiros.A maioría das versións de C asignan ao resto o mesmo signo do primeiro operando. Os valores negativos co signo –

	OPERADOR	DESCRICIÓN
UNARIOS	-	Cambio de signo
	--	Decremento
	++	Incremento
BINARIOS	-	Resta
	+	Suma
	*	Produto
	/	División
	%	Resto división enteira

Operadores incremento, decremento

Se o operador segue ao operando o valor do operando modificarase despois da súa utilización. Se o operador precede ao operando o valor do operando modificarase antes da súa utilización.

A expresión	é equivalente a
i++;	i =i+1
++i;	i =i+1
i--;	i =i-1
--i;	i =i-1

se a = 1	Imprime:
printf("a = %d \n", a);	**a = 1**
printf("a = %d \n", ++a);	**a = 2**
printf("a = %d \n", a++);	**a = 2**
printf("a = %d \n", a);	**a = 3**

Operadores relacionais

Utilízanse para formar expresións lóxicas. O resultado é un valor enteiro que pode ser:

- **certo**, represéntase cun 1
- **falso, represéntase cun 0**

OPERADOR	DESCRICIÓN
>	Maior que
>=	Maior ou igual que
<	Menor que
<=	Menor ou igual que
==	Igual que
!=	Diferente que

Exemplo 1: Se a = 1 e b = 2

Expresión	Valor	Interpretación
a < b	1	certo
a >b	0	falso
(a + b) != 3	0	falso
a == b	0	falso
a == 1	1	certo

Operadores lóxicos

Actúan sobre operandos que son á súa vez expresións lóxicas que se interpretan como:

- **certo**, calquera valor distinto de 0
- **falso**, o valor 0

	OPERADOR	DESCRICIÓN
UNARIOS	**!**	**not**
BINARIOS	**&&**	**and**
	||	**or**

a	B	!a	a && b	a || b
F	F	V	F	F
F	V	V	F	V
V	F	F	F	V
V	V	F	V	V

Exemplo

&& e avalíanse de esquerda a dereita.
! avalíase de dereita a esquerda.
Exemplos: se a = 7 e b = 3

Expresión	Valor	Interpretación
(a + b) < 10	**0**	**falso**
!((a + b) < 10)	**1**	**certo**
(a ! = 2) || ((a +b) <= 10)	**1**	**certo**
(a 4) >&& (b < 5)	**1**	**certo**

Operadores de asignación compostos

O operador de asignación pódese combinar con outros operadores como ***, /, %, +, -, <<, >>, &, |, ^*** para operacións acumulativas

m *= 5;	**m = m * 5;**
m += b;	**m = m + b;**
m += e - 3;	**m = m + e - 3;**
m -= (e = 5);	**m = m - (e = 5);**

Precedencia das Operacións aritmético/lóxicas

Avaliación a igual nivel	Nivel de prioridade	Operadores
→	1º	**( )[]->**
←	2º	**++ -- (cast) & sizeof**
→	3º	***/ %**
→	4º	**+ -**
→	5º	**<<>>**
→	6º	**<<=>>=**
→	7º	**== !=**
→	8º	**&**
→	9º	**^**
→	10º	**|**
→	11º	**&&**
→	12º	**||**
←	13º	**?:**
←	14º	**operadores deasignación**
→	15º	**,**

Programas en C++

En C++calquera programa é unha función

```
int main(void)
```

Devolvemos un valor (que podemos usar para indicar se houbo erros)

```
return 0;
```

Para mostrar mensaxes en C++ úsase ***cout***

```
cout << “Ola, mundo” << endl;
```

O texto que se vai mostrar vai entre comiñas. Os símbolos **<<** son o operador de inserción. Para terminar a liña usamos ***endl*ou *n***
As sentenzas en C++terminan en ;

O obxecto cout

O obxecto ***cout***representa a saída estándar (normalmente, a pantalla ou consola). Este obxecto declárase no arquivo de cabeceira ***iostream***

```
#include <iostream>
```

Vive no espazo de nomes ***std***polo quedeberiamos escribir ***cout::std.*** Para evitalo podemos utilizar a directiva ***using***

```
using namespace std;
```

Exemplo

```
#include <iostream>
using namespace std;
int main(void)
{
      cout << "Ola, mundo" << endl;
      return 0;
}
```

Entrada en C++.

Para obter datos en C++ úsase ***cin***

```
int a;
cin >> a;
```

Lese da entrada estándar (normalmente, o teclado). Os símbolos **>>** son o operador de extracción. Espérase un dato do mesmo tipo que a variable que se usa.
Pódense ler varios datos seguidos

```
int a,b;
cin >> a >> b;
```

Un programa completo en C++

```
#include <iostream>
using namespace std;
int main(void)
{
```

```
        int nota1, nota2;
        float media;
        cout << "Introduce a nota do primeiro exame"
        << endl;
        cin >> nota1;
        cout << "Introduce a nota do segundo exame"
        << endl;
        cin >> nota2;
        media = (nota1+nota2)/2;
        cout << "A media é" << media << endl;
        return 0;
}
```

Variables en C++

Unha variable é o elemento dun programa que almacena un valor que pode cambiar durante a execución. Cada variable é dun tipo que indica que valores pode almacenar
Os tipos simples en C++ son

- **`char`**
- **`int`**
- **`float`**
- **`double`**
- **`bool`**

Algúns deles pódense modificar con ***`long`, `short`, `signed`, `unsigned`***

Tipos, valores e rangos en C++

Tipo	Exemplos	Tamaño/Rango (*)
`char`	‘a’, ’A’, ’5’, ’$’, ’ ‘	1 byte
`int`	4, -815, 1623, -42, 0	4 bytes [-2147483648, 2147483647]
`float`	3.1416, -4.715, 108, 2E+8, 3.14E-7	4 bytes +/-3.4E+/-38 (7 díxitos)
`double`	igual que float	8 bytes +/-1.7E+/-308 (15 díxitos)
`bool`	true, false	[true, false]

* Dependen da arquitectura da máquina. Móstranse valores típicos para un sistema de 32 bits

Nomes de variable en C++

Cada variable ten un nome, que pode estar formado por

- letras
- díxitos
- guión baixo ou subliñado “_”

O nome dunha variable non pode empezar por un díxito

Exemplos

- media
- nota1
- x
- a miña_variable

As letras maiúsculas e minúsculas son diferentes, é dicir, ***media***e ***Media***son variables distintas

Declaración e asignación de variables en C++

Antes de usar unha variable, hai que declarala indicando o seu tipo e o seu nome

```
int nota1;
float media;
bool aprobado;
```

O valor dunha variable establécese mediante unha sentenza de asignación

```
nota1 = 5;
aprobado = true;
```

Declaración e asignación pódense combinar na mesma sentenza

```
int nota1 = 5;
bool aprobado = true;
```

Un programa en C++ con variables

```
#include <iostream>
using namespace std;
int main(void)
{
      int nota = 5;
      cout << ”A túa nota é " << nota << endl;
      nota = 10;
      cout << ”Agora a túa nota é " << nota <<
      endl;
      return 0;
}
```

Operadores en C++

Os valores das variables pódense combinar mediante operadores

```
int valor1 = 5;
int valor2 = 3;
int suma = valor1 + valor2;
```

Operadores aritméticos binarios: +, -, *, /, %
Operadores aritméticos unarios: ++, --, -
Operadores lóxicos: &&, ||, !
Operadores relacionais: <, <=, >, >=, ==, !=

Exemplos con operadores en C++

```
int a,b,c;
a=3;
b=2;
c=a+b*3;          // c vale 9
c=(a+b)*3;        // c vale 15
c=b++;            // c vale 2, b vale 3
c=++a;            // c vale 4, a vale 4

int a,b,c;
float x;
bool ou;
a=3;
b=2;
c=(a+b)/2;        // c vale 2
x=(a+b)/2.0;      // x vale 2.5
ou=x>c;           // ou vale true
```

Precedencia e asociatividade de operadores

Operador	Asociatividade
()	De esquerda a dereita
++ -- - !	De dereita a esquerda
*** / %**	De esquerda a dereita
+ -	De esquerda a dereita
<<=>=>	De esquerda a dereita
&&	De esquerda a dereita

||	De esquerda a dereita
== !=	De esquerda a dereita
=	De dereita a esquerda

Exemplos en C e en C++

```
#include <stdio.h>
#define MENSAXE “alumnos”
/*prototipo funciones*/
int imprimir_saudo (char *destino);
int main (void)
{
      int erro=0;
      erro=imprimir_saudo (MENSAXE); return(0);
}
int imprimir_saudo (char *destino)
{
      printf (“ola %s \n", destino); return(0);
}
```

En C++...

```
#include <cstdlib>
#include <iostream>
#define MENSAXE "alumnos"
using namespace std;
int imprimir_saudo (char *destino)
{
      cout<<"Ola "<<destino<<endl;
      return (0);
      system ("Pause");
}
int main()
{
      int erro=0;
      erro=imprimir_saudo (MENSAXE);
      system("PAUSE");
      return EXIT_SUCCESS;
}
```

Programa que le os lados dun rectángulo e calcula a súa área.

```
#include <stdio.h>
int main(void)
{
      float base, altura;
      printf(“Teclee datos: “);
```

```
        scanf (“%f %f”, &base, &altura);
        printf(“A superficie é %f \n”, base *
        altura);
        return 1;
}
```

En C++

```
#include <cstdlib>
#include <iostream>
using namespace std;
int main()
{
        float base,altura;
        cout<<"Introducir a base:";
        cin>>base;
        cout<<"Introducir a altura:";
        cin>>altura;
        cout<<"A superficie é:"<<base*altura<<endl;
        system("PAUSE");
        return EXIT_SUCCESS;
}
```

Exemplo: Facer un programa que lea un número enteiro e ou eleva ao cadrado:

```
#include <stdio.h>
void main()
{
        int numero;
        int cadrado; // mellor que fose long int
        printf("Introduza un numero:");
        scanf("%d", &numero);
        cadrado = numero * numero;
        printf("O cadrado de %d
        é%d\n",numero,cadrado);
}
```

En C++

```
#include <cstdlib>
#include <iostream>
using namespace std;
int main()
{
        int numero;
        long int cadrado;
```

```
        cout<<"Introducir un numero:";
        cin>>numero;
        cadrado=numero*numero;
        cout<<"O cadrado de:"<<numero<<"
        é:"<<cadrado<<endl;
        system("PAUSE");
        return EXIT_SUCCESS;
}
```

Programa que le o raio dun círculo e calcula a súa área.

```
#include <stdio.h>
#define PI 3.141593
void main()
{
        float radio;
        float area;
        printf("Introduza o radio: ");
        scanf("%f", &radio);
        area= PI*radio*radio;
        printf("O area do círculo é %5.4f \n",
        area);
}
```

En C++

```
#include <cstdlib>
#include <iostream>
#define PI 3.141593
using namespace std;
int main()
{
        float radio,area;
        cout<<"Introducir o radio:";
        cin>>radio;
        area=PI*radio*radio;
        cout<<"A áreado círculo é:"<<area<<endl;
        system("PAUSE");
        return EXIT_SUCCESS;
}
```

Sexan dous cadrados de lados L1 e L2 inscritos un noutro. Calcula a área da zona comprendida entre ambos, utilizando para iso unha función (que se chamará Cadrado) que devolve a área dun cadrado cuxo lado se pasa como argumento

```
#include <stdio.h>
int cadrado (int);
int main (void)
```

```
{
      int lado2, lado1;
      printf ("dáme lado do cadrado 1:");
      scanf("%d",&lado1);
      printf ("dáme lado do cadrado 2:");
      scanf("%d",&lado2);
      printf ("O resultado da diferenza é %d",
      cadrado(lado1)-cadrado(lado2));
      return(0);
}
int cadrado (int lado)
{
      return(lado*lado);
}
```

En C++

```
#include <cstdlib>
#include <iostream>
using namespace std;
int cadrado (int);
int main()
{
      int lado2,lado1;
      cout<<"Dáme o lado 1:";
      cin>>lado1;
      cout<<"Dáme o lado 2:";
      cin>>lado2;
      cout<<"O resultado da diferenza de cadrados
      é:"<<cadrado(lado1)-cadrado(lado2)<<endl;
      system("PAUSE");
      return EXIT_SUCCESS;
}
int cadrado (int lado)
{
      return (lado*lado);
}
```

Programa que converte graos Fahrenheit a graos centígrados.
C = (5/9) * (F - 32)

```
#include <stdio.h>
void main()
{
      float centigrados;
      float fahrenheit;
```

```
        printf("Introduza unha temperatura en graos
        fahrenheit: ");
        scanf("%f", &fahrenheit);
        centigrados = 5.0/9 * (fahrenheit - 32);
        printf("%f graos fahrenheit = %f graos
        centigrados \n", fahrenheit,centigrados);
}
```

En C++

```
#include <cstdlib>
#include <iostream>
using namespace std;
int main()
{
        float farenheit, centigrados;
        cout<<"introducir unha temperatura en graos
        Farenheit:";
        cin>>farenheit;
        centigrados=5.0/9*(farenheit-32);
        cout<<farenheit<<" graos Farenheit son
        "<<centigrados<<" graos centigrados"<<endl;
        system("PAUSE");
        return EXIT_SUCCESS;
}
```

Este programa converte a graos Fahrenheit unhatemperatura que vén en graos Centígrados. Cámbiaopara que faga a conversión inversa.

```
#include <iostream>
using namespace std;
int main()
{
        // A relación entre as temperaturas
        centígradas e fahrenheit é C/100=(F-32)/180
        const float F1=32;      /* Constante */
        const float F2=180;     /* Constante */
        const float C1=100;     /* Constante */
        float C, F;       /* Variable*/
        cout << "Introduce unha temperatura en graos
        centígrados: ";
        cin >> C;
        F=C/C1*F2+F1;
        cout << "A temperatura en graos fahrenheit é
        ";
        cout << F << endl;
        system("pause");
        return 0;
}
```

Este programa pide por teclado as notas de catro probas dunha materia e escribe '1' se aprobaches e '0' se suspendiches, de dúas formas distintas. Son equivalentes as dúas expresións? Próbao coas notas 4,5,4,6. Engade unha terceira forma de calcular a media para que, neste último caso, obteñas un 4.75

```
#include <iostream>
using namespace std;
int main()
{
      int nota1, nota2, nota3, nota4;
      float media1, media2, cuadrimestre1,
      cuadrimestre2;
      bool aprobado1, aprobado2;
      const float limite = 4.5;
      cout << "Introduce a nota do primeiro
      parcial : "; cin >> nota1;
      cout << "Introduce a nota do segundo
      parcial: "; cin >> nota2;
      cout << "Introduce a nota do terceiro
      parcial : "; cin >> nota3;
      cout << "Introduce a nota do cuarto parcial
      : "; cin >> nota4;
      media1 = (nota1+nota2+nota3+nota4)/4;
      cuadrimestre1 = (nota1+nota2)/2;
      cuadrimestre2 = (nota3+nota4)/2;
      media2 = (cuadrimestre1+cuadrimestre2)/2;
      cout << "Calculando a túa media da primeira
      forma, tes un " << media1 << endl;
      cout << "Calculando a túa media da segunda
      forma, tes un " << media2 << endl;
      aprobado1 = (media1 >= limite);
      aprobado2 = (media2 >= limite);
      cout << "Agora móstrase un 1 se aprobaches,
      ou un 0 se non: " << endl;
      cout << "Da primeira forma: " << aprobado1
      << endl;
      cout << "Da segunda forma: " << aprobado2 <<
      endl;
      system("pause");
      return 0;
}
```

Dados os números enteiros a, b, c, d, deséxase:
En primeiro lugar sumar a+b, dividir o resultado obtido entre c e á cantidade obtida restarlle d;
Algún dos valores almacenados na variable "res" é correcto?. Proporciona a solución correcta se ningún dos tres propostas o é.

```
#include <iostream>
using namespace std;
int main()
{
      int a, b, c, d;
      cout << "Introduce 4 números enteiros " <<
      endl;
      //Aquí debes executar a orde para almacenar
      o catro valores nas variables a, b, c, d.
      cin >> a>> b>>c >> d;
      float res=0;
      res= a+b / c-d;
      cout << "O resultado desta operación é" <<
      res << endl;
      res= a+ (b/c) -d;
      cout << "O resultado desta operación é" <<
      res << endl;
      res= (a+b)/(c-d);
      cout << "O resultado desta operación é" <<
      res << endl;
      system("pause");
      return 0;
}
```

Este programa está totalmente finalizado e está pensado para exercitarse no bo uso da precedencia e asociatividade dos operadores. Nel aparecen unha serie de expresións que debes analizar para determinar o valor de cada unha delas. Seguidamente executa o programa para comprobar que os teus resultados son correctos.

```
#include <iostream>
#include <cstdlib>
using namespace std;
int main()
{
      int a=1,b=2,c=3;
      cout << a + b * c << endl;
      cout << (a + b) *c << endl;
      a = 1; b = 2;
      a = b = a += b * 3;
      cout << a ' << ' << b << endl;
      a = 1; b = 2;
      a = b = (a += b) * 3;
```

```
        cout << a ' << ' << b << endl;
        a = 1; b = 2; c = 3;
        cout << a + b % c + c / b * c - b * b + a *
        b * c % a endl;. <<
        system("PAUSE");
        return 0;
}
```

Estruturas de control fundamentais

Existen 3 estruturas de control fundamentais:

- Secuencial(**BLOCK**)
- Alternativa (**IF-THEN-ELSE**)
- Repetitiva (Existen 2 tipos: **WHILE** e **DO-WHILE**)

Estrutura Secuencial

Consiste en executar unha sentenza a continuación doutra.Pódense agrupar entre chaves varias sentenzas para formar unha única sentenza, denominada “sentenza composta”, da seguinte maneira:

```
{
sent1;
sent2;
sent3;
...
sentN;
}
```

Estrutura alternativa

Permite elixir entre dúas alternativas, segundo sexa *verdadeira* ou *falsa*, a condición que se avalía.Existen dous subtipos

Alternativa simple(**if**)

Alternativa dobre(**if-else**)

Se a “condición” é verdadeira execútase a “sentenza”. Se non, non se executa ningunha acción.

Implementación alternativa simple

```
if (cond)
sent;
```

No caso de que haxa máis dunha “sentenza”, deberanse de incluír entre chaves, para formar unha única sentenza composta.

Exemplo

Supondo que a variable nota de tipo float contén a cualificación dun alumno, o seguinte fragmento de programa determina se superou a proba.

```
float nota;
// O programa obtén a nota por algún medio
if (nota >= 5.0)
      cout << " Proba superada ";
```

Se a "**condición**" é verdadeira execútase a "**sentenza1**". Se non, execútase a "**sentenza2**".

Implementación alternativa dobre

```
if (cond)
      sent1;
else
      sent2;
```

Tanto "**sent1**" como "**sent2**" deben de ser unha única sentenza. Se houbese varias sentenzas en calquera das dúas ramas, deberanse de incluír entre chaves, para formar unha única sentenza composta.

Exemplo

O seguinte fragmento de programa determina se a variable **num** de tipo **int** contén un número par ou impar.

```
int num; // O programa inicializa num por algún
medio
if (num%2 == 0)
      cout << " É par ";
else
      cout << " É impar ";
```

Exemplo `if - else`

Programa que le un número e di se é par ou impar.

```
#include <cstdlib>
#include <iostream>
using namespace std;
int main()
{
      int numero;
      cout<<"Introducir un numero:";
      cin>>numero;
      if (numero%2==0)
            cout<<"O numero é par"<<endl;
      else
            cout<<"O numero é impar"<<endl;
      system("PAUSE");
      return EXIT_SUCCESS;
```

```
}
```

Tipo da condición

```
if (a > b)
if (27)
if (a+b)
if (func())
```

Erros non detectados

```
int a = 6;
if (a = 5)
      printf (“É cinco”);
else
      printf (“É seis”);
```

Aniñamento de estruturas alternativas

```
if (c1)
      if (c2)
            s1;
      else
            s2;
else
      if (c3)
            s3;
      else
            s4;
```

Ambigüidade da cláusula else

Prodúcese cando, en estruturas aniñadas, existen máis cláusulas **`if`**que **`else`**.Iso pode ser debido, por exemplo, ao aniñamento de estruturas **`if`**en estruturas**`if-else`**, ou viceversa.

A continuación móstranse dous casos que, aínda que representan 2 situacións diferentes, con todo conducen ao mesmo código.




```
if (c1)
     if (c2)
          s1;
     else
          s2;
```




```
if (c1)
     if (c2)
          s1;
     else
          s2;
```

Para desfacer esta ambigüidade tómase o convenio de emparellar cada **else**co if máis próximo.No exemplo anterior o código resultante corresponde ao caso A.E entón… como se codificaría o caso-B?

```
if (c1)
{
      if (c2)
            s1;
}
else
      s2;
```

Estrutura alternativa múltiple (switch)

Variable debe ser tipo enteiro ou letra

```
switch (variable) {
      case cte1: sentenza;
            break;
      case cte2: sentenza;
            break;
      default: sentenza;
}
```

Exemploswitch

Solución 1:

```
#include <cstdlib>
#include <iostream>
using namespace std;
int main()
{
      char letra;
      cout<<"Introduza unha letra:";
      cin>>letra;
      switch (letra)
      {
            case 'a':
            case 'A':
                  cout<<"Vocal a ou A"<<endl;
                  break;
            case 'e':
            case 'E':
                  cout<<"Vocal e ou E"<<endl;
                  break;
            case 'i':
            case 'I':
                  cout<<"Vocal i ou I"<<endl;
                  break;
            case 'o':
            case 'O':
                  cout<<"Vocal o ou O"<<endl;
                  break;
            case 'u':
            case 'U':
                  cout<<"Vocal u ou U"<<endl;
                  break;
            default:
                  cout<<"Consonante"<<endl;
      }
      system("PAUSE");
      return EXIT_SUCCESS;
}
```

Solución 2:

```
#include <cstdlib>
#include <iostream>
using namespace std;
int main()
{
      char letra;
      cout<<"Introduza unha letra:";
```

```
        cin>>letra;
        switch (letra)
        {
              case 'a':
              case 'A':
              case 'e':
              case 'E':
              case 'i':
              case 'I':
              case 'o':
              case 'O':
              case 'u':
              case 'U':
                    cout<<"Vocal"<<endl;
                    break;
              default:cout<<"Consonante"<<endl;
        }
        system("PAUSE");
        return EXIT_SUCCESS;
  }
```

Estrutura Iterativa

Instrución `while`

```
        while (expresión)
              sentenza;
```

A "**condición**" avalíase ao principio, é dicir primeiro avalíase expresión, polo que o bucle execútase 0 ou máis veces.

sentenza executarase mentres o valor de expresión sexa verdadeiro (distinto de 0). Mentres a "**condición**" sexa verdadeira execútase a "**sentenza**". O normal é que **sentenza**inclúa algún elemento que altere o valor de expresión, proporcionando a condición de saída do bucle. Se a **sentenza** é composta encérrase entre { }

Exemplo

O seguinte bucle acumula a suma de todos os números introducidos por teclado. Finaliza ao meter o cero.

```
        int num, suma;
        suma=0;
        cout <<"Introduza un número.(Cero para acabar): ";
        cin >> num;
        while (num != 0)
        {     suma=suma+num;
              cout << "Seguinte número: ";
              cin >> num;
        }
        cout << "A suma vale " << suma << endl;
```

Programa que le un número N e calcula 1 + 2 + 3 + … + N

```
#include <cstdlib>
#include <iostream>
using namespace std;
int main()
{
      int N,suma,i;
      cout<<"introducir un numero:";
      cin>>N;
      suma=0;
      i=1;
      while (i<=N)
      {
            suma=suma+i;
            i++;
      }
      cout<<"O valor da suma desde 1 ate "<<N<<"
      é:"<<suma<<endl;
      system("PAUSE");
      return EXIT_SUCCESS;
}
```

Instrución do-while

```
do
{
      sentenza;
}while (expresión);
```

A "**sentenza**" execútase mentres a "**condición**" sexa verdadeira, é dicir executarase mentres o valor de expresiónsexa verdadeiro (distinto de 0).

sentenza sempre se executa polo menos unha vez (diferente a while). O bucle execútase 1 ou máis veces. A "**condición**" avalíase ao final do bucle.O normal é que **sentenza** inclúa algún elemento que altere o valor de expresión, proporcionando a condición de saída do bucle.

Para a maioría das aplicacións é mellor e máis natural comprobar a condición antes de executar o bucle (**while**).

Este bucle sempre leva chaves. En consecuencia pode haber varias sentenzas dentro do bucle.

Exemplo

O seguinte bucle obriga ao usuario a introducir un número comprendido entre 1 e 5, incluídos ambos. (É un uso típico deste tipo de bucle).

```
int num;
do{
      cout << "Introduza un nº comprendido entre 1
      e 5: ";
      cin >> num;
} while (num < 1 || num > 5);
```

